

Borrador do Decreto galego de FP

Un Decreto peor para unha Lei xa de por si pésima.

Ataque directo ao profesorado

Nun contexto de fomento das ensinanzas de Formación Profesional, o desenvolvemento en Galiza da LOFP a través deste Decreto vai supor o impensábel, **que se reduza profesorado de FP e que empeoren ostensiblemente as nosas condicións de traballo.**

Secundarización da FP a base de despedazala.

Trocear os currículos dos ciclos en tantos módulos, moitos deles sobrantes impostos a cambio dos fondos Next Generativos, pero outros pola especial insidia da Consellaría, implica que as condicións laborais do profesorado de FP cada vez se parezan máis a Secundaria no mal sentido. A partir do ano que vén a maioría dará entre 6-7 módulos mínimo, co conseguinte cambio que isto significa en canto a número de alumnado atendido de grupos diferentes pero sobre todo de perda de afondamento nos contidos que se impartan. Nos módulos profesionais son necesarias dúas ou tres horas de clase seguidas para adquirir correctamente as competencias máis prácticas. Pois ben, nalgúns casos isto vai ser imposíbel pola redución horaria dos módulos. E máis coa redución en modular pola aplicación da porcentaxe do 48% de carga horaria na empresa aos módulos de segundo. Haberá unha diferenza entre o mesmo módulo en ordinario, que pode ter unha carga lectiva de 7 sesións a 5 en modular, sobre todo nos CIFP polo redondeo posterior das sesións a 60 min. Quedarán módulos profesionais con 2 sesións semanais. Que se vai impartir nese tempo nunha ensinanza competencial?

Vai sobrar profesorado a respecto do actual, sobre todo persoal interino e substituto. Vaise pasar de precisar 4 docentes por ciclo a dous e medio. **Isto demostra a necesidade de recuperar o horario lectivo das 18 horas e de que nos CIFPs a duración das sesións se igualem ás dos IES.** A Consellaría lamentase de que a reforma da FP estivo moi mal deseñada polo Ministerio pero as súas decisións non fan máis que empeorar unha normativa que xa de por si era moi lesiva.

No caso do persoal docente de IPE II e Habilidades comunicativas en lingua estranxeira o profesorado poderá ter até 8 ou 9 grupos diferentes, o que lles impedirá unha mínima especialización nos sectores produtivos e nas áreas profesionais de cada ciclo. Impartiranse contidos homoxéneos porque será imposíbel facelo doutro xeito.

Pedimos que se retiren algúns artigos en concreto, que se recapacite antes de publicar un Decreto tan baleiro de concreción en cuestións chave e **que se nos convoque a outra Mesa Sectorial despois de analizar estas achegas tendo en conta o horizonte temporal no que se prevé aprobar (finais deste 2025)**. E, por suposto, queremos que se creen grupos de traballo nos que se escoite o profesorado e a súa representación na reelaboración dos currículos galegos de todos os ciclos. Non pode facerse unha mera adaptación da normativa estatal metendo os novos módulos, senón que hai que aproveitar para actualizalos.

Preámbulo

Constátase o **total fracaso da intención da LOFP de establecer un sistema único de formación profesional** (regrada, ocupacional e continua). O Ministerio reparte os fondos de forma centralizada e as comunidades, cando menos a Xunta, non cambiaron absolutamente nada na súa xestión. A decisión de manter as competencias separadas a nivel galego entre Promoción do Emprego e Educación supón deixar o negocio da formación ocupacional e continua nas empresas.

A gran novidade da figura do profesorado-investigador ou profesorado-asociado, vendida polo propio presidente Rueda, resúmese para a CIG en fomentar -ao contrario que na Universidade que este perfil é do máis precarizado-, **a figura do catedrático ou catedrática na FP sen proceso selectivo**. Hai unha reinterpretación do artigo 211 do RD 659/2023 estatal para crear algo que nin sequera o propio Ministerio planificou. En opinión da CIG-Ensino “a FP non pode ser o retiro dourado de profesionais das empresas nin o contexto para devolver favores”.

En todo caso o impulso desta figura choca co principio recollido no artigo 3 i) de “dotar das mellores competencias docentes o profesorado da FP”, máis ben o que se pretende é substituílo.

Deberíase modificar o concepto de discapacidade ao longo do texto polo de diversidade funcional.

Artigo 4. Currículos correspondentes aos graos D e E.

Punto 1. Elaboración dos currículos autonómicos. O 12 de xuño aínda houbo unha actualización dos currículos publicados na web da Consellaría. Hai queixas sobre como se fixo adaptación horaria dos módulos por non ser coherente e debera repensarse de cara á aprobación definitiva dos currículos. Despois da proposta dos grupos de traballo habería que ter axustado as horas para os CIFPs porque nestes momentos hai módulos co mesmo número de sesións pero con diferentes horas. Módulos que teñen, por exemplo, a maior equivalencia en créditos ECTS dun ciclo con menos horas que outros con menor equivalencia e todo isto repercute no alumnado.

A directora xeral informa que se constituirán grupos de traballo pero que haberá pouca marxe para realizar esa actualización.

Con respecto ao **apartado a)** a CIG-Ensino agarda que non se inclúa no Decreto por recheo. Porque por primeira vez despois dos cambios legislativos recentes que sufriu a Formación Profesional **a calidade formativa vai empeorar notabelmente e a única forma de salvala é incrementar a duración total dos ciclos, até o máximo permitido por lei, que é un 10% no réxime xeral e un 40% no intensivo.** Isto é algo que nos traslada profesorado e membros de equipos directivos e que a CIG-Ensino xa propuxo desde o comezo, como tamén propuxo e volve reiteralo que **o Módulo optativo sexa eminentemente profesional e o de Habilidades comunicativas un complemento formativo, que tería perfecto encaixe nesta modalidade, e que non compute dentro das 2000 horas.** Tamén propoñemos **que se inclúa un complemento formativo ou como módulo á marxe do Catálogo nacional de oferta da FP en Lingua Galega tanto en CM como en CS,** tamén fóra das 2000 horas, pero **que lle permita ao alumnado que curse estes estudos en Galiza obter o Celga 4** e que de seguro lle resultaría de moita utilidade. Exemplo: os ciclos sanitarios dirixidos a traballar no Servizo Galego de Saúde e para o que este título é requisito para opositar. Ambas opcións encaixarían co **apartado c)** deste punto.

Para a CIG-Ensino é importante que se faga unha rectificación do Decreto e se inclúa na elaboración dos currículos estas propostas porque senón vai ser unha “desfeita”: **as horas de formación esencialmente competenciais impartidas nos centros educativos,** contando o módulo de Afondamento, porque o de Proxecto intermodular tal e como está deseñado é un traballo teórico, **limítanse a 1.113 dun total de 2000 nos CM e CS.** Polo tanto, a esencia da formación profesional queda reducida á metade e, nesa mesma proporción, se reduciría a súa calidade senón é por quen terma dela, o profesorado do ensino público.

Apartado e): “que parte de módulos se poidan impartir en lingua estranxeira”. Pedimos aclaracións pero o plurilingüismo dentro dun módulo xa nos parece demasiada obsesión.

En xeral, a CIG-Ensino é moi crítica con todas as decisións que se tomaron a respecto da introdución do inglés nos ciclos de FP. Advertimos que as carencias no dominio desta lingua non se solucionan con 3 horas semanais en primeiro e 2 en segundo durante uns meses para todos os ciclos por igual. Naqueles nos que é unha ferramenta máis de traballo xa estaba equiparado a un módulo profesional. No resto estanse detraendo horas para a adquisición de competencias profesionais por pura ideoloxía da Consellaría e tamén para acaparar fondos europeos. Outras comunidades dixerón que non pero aquí dise que si a todo sen unha planificación clara. Lembramos as cifras que deron de cara a este curso. **Máis de 10 millóns de euros para crear 3.750 prazas bilingües a partir de setembro de 2024.** Estase barallando de cara ao curso que vén implantar ciclos plurilingües só con dous módulos de competencias básicas, como Dixitalización ou Sostibilidade en Inglés, é

dicir, só con 180 horas impartidas neste idioma. Isto demostra que a prioridade non é que o alumnado aprenda realmente inglés, senón xustificar como sexa a obtención destes fondos e a emisión deses títulos.

Creación de novas prazas de FP	2.580	4.837.500 €
Creación de novas prazas bilingües	3.750	10.125.000 €
Acreditación de competencias		3.525.120 €
Creación aulas tecnoloxía aplicada	32	1.925.000 €
Total		20.412.610 €

A directora xeral de FP responde que cumpren a normativa para crear ciclos plurilingües do Estado e que non hai ningunha norma que diga que os dous módulos que se deben impartir en inglés non poden ser os de menor carga horaria dos ciclos.

A CIG-Ensino lémbrale que a [Resolución do 16 de maio deste ano](#) da Consellaría de Educación indica que terán esta consideración:

- Grao medio e superior sempre que se impartan cando menos 120 horas de formación en idioma estranxeiro e **dous módulos profesionais** a maiores.
- Grao básico sempre que se impartan cando menos **dous módulos profesionais** en idioma estranxeiro.
- CE sempre que se imparta cando menos **un módulo profesional** en lingua estranxeira.

Para o sindicato é cuestionable que se consideren os módulos de IPE, Dixitalización ou Sostibilidade como profesionais cando mesmo o Ministerio vén de anunciar a creación dunha nova familia profesional, de desempeño e competencias transversais, para acoller estes módulos á marxe dos estritamente profesionais.

Artigo 11. Agardamos que o que se indica sobre os **ciclos básicos de dual intensiva** de que poderán ser **ampliados a tres cursos académicos** sexa unha realidade e non unha mera declaración de intencións. Con todo, reiteramos a nosa oposición a este réxime, sobre todo nos niveis máis baixos nos que non deba existir ningunha oferta. Este é o sensentido desta lei, dualizar toda a oferta formativa de graos D, mentres non facelo cos E, que sería o que realmente podería resultar aceptábel. No caso dos programas formativos permitir que poidan durar até 4 anos para que poidan acadar os obxectivos previstos.

A directora xeral opina que é mellor que estean máis tempo estudando pero avanzando e cambiando de nivel.

Alén da FP básica adaptada para persoas adultas é preciso fomentar o tránsito desde os programas formativos á FP básica no caso de persoas con diversidade. Na maior parte dos casos só precisan máis tempo, tanto en idade, podendo iniciar esta formación a partir dos 21 anos como en duración dos estudos.

Revisar todo o que ten que ver co funcionamento dos CEE nos que os programas formativos son hoxe en día o núcleo principal da formación que se oferta e seguen regulándose co ROC de centros de infantil e primaria. Todo isto leva incluído que non haxa departamentos de familias profesionais, que non haxa a figura da coordinación de FCT, que a asumen desde as direccións etc.

Sobre isto a directora xeral indica que empezaron a traballar coa outra Dirección Xeral, a de Ordenación e Innovación Educativa, pero non concreta en que sentido.

Artigo 12. Acción tutorial. Recuperar a tutoría como lectiva nos CM e nos CS sobre todo tendo en conta as novas responsabilidades engadidas. Cando se fala de “acompañamento socioeducativo personalizado” sería mellor duplicar profesorado en clases prácticas e fornecer de persoal coidador no caso de programas formativos en centros de educación especial nos que se precise.

Artigo 13 b) Unha parte de optatividade integrada, polo menos, por un módulo optativo durante a formación cunha duración anual ou dous cuatrimestrais.

O concepto de optatividade estivo moi viciado desde que se comezou a falar del. Finalmente a Consellaría opta por dous módulos optativos que, polo que di a normativa estatal se deberían organizar en cuatrimestres. Porén non está claro se se pretenden dualizar ou non e que pasa se se dualizan pero na empresa non se adquiren RAs de ningún dos dous.

Artigo 14.8. Non estamos de acordo con que se produzan ampliacións curriculares no período de formación da empresa para evitar arbitrariedades e abusos.

Artigo 15. Duración de entre dous e tres cursos os CM e CS. Ao igual que o artigo 11 non debería flexibilizarse a duración só nos casos que se menciona (réxime intensivo, alta especialización ou alumnado con NEE). Con todo, nestes tres casos sería o máis pertinente, pero deixando aberta a posibilidade de que se faga no resto.

Artigo 22.4. A novidade de que no réxime xeral a formación na empresa poderá ser retribuída parécenos correcta pero non se concreta nada, polo que imaxinamos que quedará todo en mera declaración de intencións. Xa advertiamos que se unha empresa pode ter entre 500 e 700 horas gratis o alumnado, non lle vai interesar pagar por telo pouco máis tempo na dual intensiva.

22.6 Tutoría de empresa e tutoría de centro

A teor do que pon este artigo e o 14 das Instrucións non queda clara a dispoñibilidade horaria que vai ter a persoa ou persoas encargadas de buscar e seleccionar as empresas e de facer o seguimento posterior da formación.

No caso da titoría de empresa é necesario detallar as funcións que debe ter para asegurar un seguimento diario da formación porque se están dando casos de alumnado que non ve diante en toda a estadía o seu titor ou titora de empresa.

Debería incluírse no Decreto galego o que aparece recollido na normativa estatal a respecto dos **compromisos das empresas** (artigo 153.2 do RD 659/2023):

- a) Garantir o acceso ás dependencias ao titor ou titora dual do centro formativo para realizar as visitas e levar a cabo as actuacións de revisión da programación, valoración e supervisión do proceso formativo da persoa en formación.
- b) Cumprir a programación das actividades formativas acordadas co centro de formación profesional.
- c) Supervisar e facilitar o seguimento individualizado e a valoración do progreso da persoa en formación que debe realizar o titor ou titora da empresa ou organismo equipado.
- d) Cumprir con todos os requisitos que, en materia de prevención de riscos laborais, lle sexan exixibles e proporcionar á persoa en formación, cando o posto formativo o requira, os equipos de protección correspondentes.
- e) Cumprir e facer cumprir as normas de seguridade e hixiene no traballo que están vixentes en cada momento.
- f) Informar á representación legal das persoas traballadoras sobre os acordos subscritos, indicando cando menos, as persoas que se van incorporar á empresa, o posto ou postos nos que desenvolverán a formación e o contido da actividade formativa. Non se deben tratar os cadrantes de traballo do persoal en formación do mesmo xeito que o do persoal traballador.

Artigo 23. Acordos específicos asinados entre os centros e as empresas ou organismos equipados. No artigo 156 do RD 659/2023 que se cita no Decreto galego como contido mínimo establécese que os acordos específicos deben incorporar entre outros:

- *“os compromisos da persoa en formación e da empresa, da titoría dual do centro e da titoría dual de la empresa.*

- *os criterios obxectivos para adxudicación de estadías na empresa ao alumnado, entre os que constarán o rendemento, a asistencia ás actividades lectivas no centro de formación profesional, así como as competencias persoais. (Aproveitamos para pedir que sexa o equipo docente e non as empresas quen seleccione que alumnado vai a cada unha porque é quen realmente coñece estes datos na dual intensiva)*

- *as circunstancias de rescisión do acordo.*
- *segundo o caso e réxime, a compensación económica ou condicións do contrato de formación, así como condicións respecto á alta na Seguridade Social que implica a estadía, sen prexuízo do establecido na normativa laboral.*
- *os anexos que recollan a identificación das persoas en formación, o plan de formación co calendario, xornada e horario na empresa...*
- *compromiso de transparencia da empresa coa representación sindical, segundo corresponda, que comunique á mesma o plan de formación das persoas en formación e garanta que o alumnado no substitúe postos de traballo.*

Pedimos expresamente **que se manteña a comunicación á Inspección de Traballo por parte da Inspección educativa do contido dos acordos específicos**. Que estea o alumnado dado de alta non é motivo para que non se comunique que hai persoas en formación nunha empresa e que se poida cotexar se están cumprindo o horario estipulado, se se respectan os descansos... Por que non se recolle este procedemento no Decreto como se fai nas instrucións? A CIG estará vixiante ante as denuncias que lle cheguen do alumnado cando as empresas incumpran o establecido no RD do Estado.

Artigo 24. Plan de formación individual.

Tamén pedimos que este documento se axuste ao modelo do **Anexo XVII** do RD 659/2023. Na translación que fai a Consellaría do artigo 157 ás Instrucións para o desenvolvemento dos graos D e E o vindeiro curso (no Decreto só o mencionan) faltan algunhas cuestións como *“a coordinación dos períodos de formación na empresa, a autorización extraordinaria por parte da administración galega cando, por razóns xustificadas, o alumnado teña que realizar quendas de traballo nocturnas ou deban contemplarse períodos non lectivos, períodos non coincidentes co calendario escolar, descanso semanal inferior aos dous días con carácter xeral, mobilidade fóra da comunidade autónoma...”* Estas casuísticas deben quedar claras, como non acontece agora mesmo na Dual Intensiva.

Retirar ou matizar, aínda que sexa normativa estatal, que o alumnado "pode participar en complementos formativos específicos e non obrigatorios fóra do horario xeral da oferta formativa e independentes da titulación".

Artigo 25.3. Horas vacantes mentres o alumnado está na empresa. A listaxe de tarefas a realizar ten que desenvolverse nunha norma e non deixala a criterio da dirección do centro. Faltan tarefas fundamentais como a de mantemento, compra e inventario de material, actualización e posta ao día de equipamentos informáticos... Engadir “respectando a quenda e o horario asignado, agás acordo entre as partes”

Artigo 27. Programacións.

Aclarar todo o que ten que ver coa introdución de PROENS o vindeiro curso e flexibilizar a entrega porque hai inspeccións que pediron que o vindeiro curso se entregue a programación ao alumnado na presentación, que asinen que a recibiron, e que se colgue na aula virtual e se suba o documento da sinatura en Educabilidade... Iso é virtualmente imposible e máis comezando o curso o día 8 de setembro.

Explican que o cambio de aplicación era porque a actual non ía permitir unha adaptación á nova lei e que se permitirá consultar o seu contido aínda que non se vai poder importar directamente, polo que haberá que facelas desde cero o próximo ano.

Artigo 30.5. O curso de formación específico preparatorio para o acceso a ciclos deberá ser ofertado de forma pública, nos centros públicos e matrícula gratuíta.

Artigo 40.2. En desacordo. O contido de CM nas distintas familias profesionais por exemplo son moi diferentes en canto a requirimento de espazos, material, incluso perfil de profesorado dentro da mesma familia profesional polo que non deba realizarse esta autorización de oficio (a de ensinanza de nivel inferior ás que xa se estean ofertando)

Artigo 41.4. Aclarar por que hai tanta diferenza entre o número de prazas do mesmo ciclo que poden ofertar centros privados fronte aos públicos. Podemos dar múltiples exemplos do desfase sempre a favor dos privados, agás contadas excepcións.

Artigo 43 d). Pedimos a súa retirada. Todo son facilidades para os centros privados e todo atrancos para os públicos. Teñen Educabilidade os centros privados? Realizan as programacións na mesma plataforma informática? Isto vai ligado cos artigos 45 e 46. Están abafados de burocracia os centros privados ou limítanse a dar clase e facturar?

Artigo 44. Os centros públicos non poden xestionar máis burocracia. Maior contratación de persoal administrativo.

Artigo 47. Requisitos para impartir docencia. Auditorías periódicas en centros privados para comprobar se cumpren cos requisitos de titulación e formación pedagóxica. O persoal dependente de Medio Rural que imparte docencia nos CFEAs tamén ten que cumprir este requisito.

A directora xeral indica que así lle foi trasladado a Agacal, da que dependen estes centros á vez que sinalou que, ante as queixas reiteradas do persoal de Educación, se falou cos equipos directivos dos mesmos para que se respectasen as súas atribucións.

Como norma xeral non estamos de acordo en que o profesorado dos centros públicos realice horas extra, polo que pedimos a retirada da última frase do punto 2. De ser preciso contar con profesorado para impartir graos A, B e C fóra do horario lectivo que se tire de listaxe de substitucións.

Artigo 48. Persoas expertas do sector produtivo

A CIG-Ensino está en contra da contratación de persoal alleo á función pública docente para impartir ensinanzas de calquera tipo, e polo tanto de FP. Xa o manifestamos na negociación da LOFP e do RD estatal e volvemos poñelo de manifesto. No caso do sistema público solicitamos que se continúe co sistema de contratación de persoal substituto vixente a través das listas e que se esgoten todas as posibilidades para que sexa mediante procesos transparentes. Ante a falta de persoas candidatas nalgúñas especialidades está funcionando relativamente ben a solución orquestrada pola DX de RRHH de eximir do mestrado de formación do profesorado para facer substitucións, non así para opositar.

Hai que pensar que mensaxe se lle está enviando ao profesorado do ensino público. Non se lle permite a compatibilidade laboral sen detraer o complemento específico, pero si a estas persoas que veñan de fóra, co que isto vai significar de problemas de convivencia nos centros. Ademais non teñen que ter nin sequera titulacións afíns á especialidade nin a formación pedagóxica. Estamos en contra da contratación a dedo por parte das direccións dos centros educativos. Todo isto será mirado con lupa e denunciado por todas as vías posíbeis porque cremos firmemente en que o ensino público ten que estar baseado en procesos de acceso transparentes, públicos e igualitarios. Deben esixírselle a estas persoas, no caso de ter que recorrer a elas, certificado de non ter antecedentes de delitos sexuais.

Artigo 49. Persoal asociado

Estes profesionais “de recoñecido prestixio e que presten servizo en empresas de importancia significativa” virán á FP, dar clase dos graos E e cursos de alta especialización, nos que a diversidade do alumnado non é un problema, sen ter que pelexarse coas programacións, con Educaldade, coa burocracia absurda, a contar como traballa a súa empresa e a fichar talento. Estabelécese así unha formación profesional de segunda categoría, a FP básica, as formacións aceleradas, a acreditación de competencias, os certificados profesionais, as gardas... esa e o papeleo todo, iso si agora en formato dixital, quedará para o profesorado que accedeu por sistemas públicos despois de formarse especificamente para dar clase. A parte da investigación e innovación aplicada, incluído Centro Galego de Innovación da FP Eduardo Barreiros pasará a estar enfocada a que se resolvan as necesidades das empresas e non a cuestións estratéxicas para o desenvolvemento de Galiza: revitalización do rural, soberanía alimentaria e enerxética con fontes non contaminantes, innovación tecnolóxica.... O sistema galego de FP non pode quedar a mercede das empresas e permitir que penetren no único ao que non tiñan acceso até agora, a docencia directa nos centros públicos.

A CIG-Ensino reitera o seu rexeitamento total a esta figura e pide a retirada deste artigo e tamén do 55 d) porque é unha reinterpretación que fan da normativa estatal na que non viña contemplado.

A directora xeral defende que si que ten cabida na normativa “porque todo o que ten que ver con innovación e investigación está recollido” (malia que no texto do decreto inciden que impartirán docencia) e mantén a necesidade desta figura sen achegar motivos concretos.

Artigo 50. Persoas expertas sénior de empresa.

Este apartado, xa contemplado na normativa estatal, semella **querer converter a FP no Senado de directivos e cargos de empresas que comezarán o seu retiro “dando unhas horas de clase”**. O eufemismo da súa contribución á actualización dos currículos non sabemos se é para chorar ou para rir, porque esta xa a está a facer o profesorado en activo. Non se precisa que alguén próximo á xubilación, con todos os respectos polos coñecementos que leve adquirido, veña a ensinar a última tecnoloxía, equipamento, procedemento de produción ou técnica aplicada.

A CIG-Ensino cuestiona á directora xeral se o o Centro Eduardo Barreiros non está para precisamente formar o profesorado cando se implante un novo CE ou formación de alta especialización? Non sae máis rendíbel aproveitar este centro e os cartos que viñeron para a súa creación e mantemento contratando algún profesional do sector para que forme o profesorado? A nosa proposta é esta, a única que defende a calidade do ensino público e rexeita todas as prebendas que poidan darse entre a Consellaría e a patronal.

Artigo 51.3. A este paso un mesmo docente pode dar case todos os módulos profesionais da oferta modular de segundo curso por exemplo. Isto si que é unha auténtica declaración de intencións do goberno do PP: privatizar todo canto poida mentres se reducen os cadros de persoal dos centros públicos ao mínimo posible.

Artigo 52.2/4/.5/.6 Eliminar a última frase do punto 2 porque dá pé a que só unha persoa asuma a titoría de todo o ciclo. Se esa persoa está de permiso ou licenza que pasa?

Nin unha soa mención á atribución horaria aos labores da titoría dual, nin no Decreto nin nas instrucións. Si a que a súa función será coordinada pola persoa coordinadora da FCT que non sabemos se mantén a súa atribución horaria para o cargo ou a vai ver ampliada.

Tampouco ningunha mención á liberación horaria para as titorías individuais e colectivas do proxecto intermodular nin no Decreto nin nas instrucións.

Artigo 60.2 Pedimos un especial control na acreditación de competencias masivas en empresas. Control de todo tipo, económico, e arredor do procedemento que segue sobre todo, sobre todo despois de que o representante da Confederación de Empresarios de Galiza peditan realizar eles mesmos estas acreditacións para quedarse co negocio e co control das mesmas.

Artigo 61. Levar a cabo de forma efectiva esta inclusión porque até o momento non era así.

Os capítulos XIV e XV se non van acompañados de medidas reais, redución de ratios (por cada estudante con diversidade acreditada), nomeamento de profesorado de reforzo entre o profesorado especialista das diferentes materias ou o incremento de especialistas en Orientación especialmente, son estériles totalmente. É preciso unha maior formación para o persoal de Orientación en canto ao sistema de formación profesional integrado

Artigo 69. Non sabemos se esta redacción abre a porta á subcontratación da orientación externa mediante estes acordos de colaboración pero é o suficientemente ambigua para que o pareza.

Este artigo é o suficientemente amplo e ambicioso que se non hai unha rede de orientación que funcione é imposíbel acadar nin a metade dos obxectivos.

No punto 69.2 c) rexeitamos que os centros teñan que prestar atención singularizada ás empresas co fin de deseñar itinerarios formativos axustados ás súas necesidades. Non somos unha consultoría nin xestoría ai seu servizo.

Disposición adicional primeira. Relación coas empresas. Privatización sen careta ao falar de plans que impulsen a colaboración público-privada. A formación profesional é educación, formación competencial, pero educación ante todo.

Cuestións que rexeitamos. O punto d) se vai máis alá do contemplado na dualización, o punto e) de forma rotunda (uso por parte das empresas das instalacións e equipamento dos centros) e o punto f) formación do profesorado nas empresas ou do seu persoal traballador sempre que sexa en horario lectivo.

Disposición adicional segunda. Punto 6. Non se entende a redacción. Supoñemos que asesorías, dinamizacións da FP dual, o CGIFP Eduardo Barreiros...

Disposición adicional terceira. Isto non entendemos a que se debe. Non sabemos se está relacionado con Ciclos de FP básica con comisións de servizos inventadas pola Consellaría, pero non vén a nada poñer nun Decreto esta prioridade. Como se obtén formación específica para impartir no CFGB? Vaise requirir formación específica en Psicoloxía, Educación Social, Mediación intercultural, CS en Integración Social???

Disposición adicional cuarta. Para crear departamentos dos ámbitos nos CIFPs ou departamentos de FP nos CEE non se inclúe ningunha disposición adicional pero para a consolidación do complemento de dirección para quen está a fronte do Centro Eduardo Barreiros si.

Igualdade retributiva para todo o profesorado de FP

Seguimos reivindicando a igualdade retributiva de todo o colectivo docente de FP. O PESSFP vén de recadar entre os seus compañeiros e compañeiras o triplo de sinaturas do que representan en número. Lanzar a mensaxe de que hai docentes de primeira e de segunda cando das formacións aceleradas que van poñer en marcha, por exemplo, a maioría do profesorado que as vai impartir pertence ás 10 especialidades singulares é lanzarlle non só ao seu persoal, senón tamén ao alumnado. Desde a CIG-Ensino insistimos en que non se pode excluír a ninguén do sistema da Formación Profesional e esta discriminación salarial é unha forma de exclusión. Pedimos a mediación da directora xeral de FP ante o director xeral de Centros e RRHH e o conselleiro para que rematar con esta disfunción.

A directora xeral limítase a dicir que estas especialidades son as máis demandadas e que merecen todo o recoñecemento.

Aclaracións sobre as Instrucións:

O profesorado de IPE II e Habilidades comunicativas en inglés pode quedar con unha hora semanal no centro educativo aplicando o cálculo do 52% das horas no réxime modular. Os centros están dicidindo aplicar ou non esta dualización indistintamente, sen un criterio claro, e aqueles que din que non a dualizan non lles van restar carga horaria aos módulos profesionais (decisión que a CIG-Ensino apoia). Ten que haber unha solución a esta cuestión que ninguén acaba de entender.

Tamén segue habendo queixas da FP básica nos ámbitos de Comunicación e Sociedade tanto en primeiro como en segundo nos que se manteñen dúas sesións semanais de inglés fronte a 1,5 de galego e castelán, respectivamente.

Procurarán deixar claro nas instrucións o cómputo do horario na oferta modular tanto presencial como ordinaria.

Formación do profesorado para novos Cursos de Especialización. Preguntamos que está previsto de cara ao vindeiro curso. . Comprometéronse a darlle unha volta ás licenzas por formación xunto coa DX de RRHH. En calquera caso é precisa formación previa ao inicio desta nova oferta.

Neste sentido hai queixas de que é preciso adaptar o currículo á normativa galega dos CE xa en vigor, porque se están a impartir de forma dispar entre uns centros e outros, incluso na carga horaria dos módulos.